

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A UNIDADE DE SAÚDE MENTAL INFANTO XUVENIL COMPOSTELÁ PRIMEIRA EN GALICIA EN ACADAR A ACREDITACIÓN DE CALIDADE POLA ISO 9001:2015

- Ser unha das primeiras de España en obtela supón un estímulo para todos os profesionais desta unidade situada no Hospital Clínico de Santiago
- É referencia en Galicia para doentes graves que precisen hospitalización especializada e conta tamén con consultas externas e hospital de día

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2023.- A Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, ven de ser a primeira en Galicia en acadar a acreditación de calidade pola norma ISO 9001:2015. De referencia para doentes de toda Galicia que precisen hospitalización por patoloxía grave, conta tamén con consultas externas e hospital de día. Ser unha das primeiras en España en obter esta acreditación supón "un estímulo ao excelente traballo de todos os profesionais que a conforman", subliña a xerente da área sanitaria, Eloina Núñez.

A Unidade de Saúde Mental da Infancia e Adolescencia conta con tres dispositivos principais: o de Consultas Externas, o Hospital de Día: que atende en formato de tratamento intensivo a pacientes en base a diversos programas (como o de tratamento dos trastornos da conduta alimentaria, de abordaxe de condutas autolesivas ou para tratar o trastorno mental grave) e o dispositivo de Hospitalización. Este último é o único existente na nosa Comunidade Autónoma para o tratamento específico, en réxime de ingreso, de nenos e adolescentes con problemas de saúde mental que o requiran, e leva funcionando máis de 10 anos ao longo dos cales atendeu a preto de 800 pacientes de toda Galicia en situacións críticas.

O responsable desta unidade, José Mazaira considera fundamental "a continua coordinación entre os distintos profesionais de diversas disciplinas (psiquiatría, psicoloxía, enfermería, terapia ocupacional, traballo social..) que integran os equipos, e que están a desenvolver o seu labor cun compromiso e dedicación encomiables" e subliña o desenvolvemento e posta en práctica dun cambio esencial no modelo do traballo clínico na unidade, "reorganizando inicialmente a asistencia en consultas externas segundo niveis de gravidade" e que puxeron en marcha ante o aumento considerable e persistente nas demandas de atención por problemas de saúde mental en mozos.

"O aumento adicional da demanda producido a partir da pandemia COVID –abunda o doutor Mazaira– confirmou esa esixencia e acabou de definir un novo modelo no que os 3 dispositivos principais da Unidade (as consultas externas, o Hospital de Día e a Unidade de Hospitalización) se organizan e interactúan de forma estreita para proporcionar unha atención ao paciente adecuada en cada momento á maior ou menor gravidade da súa situación clínica e necesidades".

"A obtención do certificado de calidade implica un recoñecemento explícito a unha organización e un traballo asistencial que cumpre altos criterios de calidade no amplo conxunto de tarefas que conforman o desempeño habitual da unidade compostelá en todos os seus dispositivos", subliña o psiquiatra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os estudos epidemiolóxicos en poboación xeral mostran que ao redor dun 15-20% de nenos e adolescentes cumpren criterios diagnósticos dalgún trastorno psiquiátrico, con diferenzas moderadas entre distintos países, aínda que só unha minoría son atendidos en servizos especializados de saúde mental infanto-xuvenil, mesmo nos países desenvolvidos. Con todo, nos últimos anos asistimos a un acusado incremento na demanda de asistencia por trastornos mentais e do comportamento en nenos e adolescentes, apreciable claramente en todas as USM Infanto-xuvenís.

Os trastornos psiquiátricos máis frecuentes na infancia son os trastornos de conduta, normalmente en forma de trastorno negativista-desafiante, os trastornos de ansiedade e o trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).

Saúdos